BdG Biblioteca de Galicia

01/10/2021

A SALA DE LECTURA DA BIBLIOTECA DE GALICIA PASA DE 45 A 90 POSTOS

Seguindo o establecido na *Orde do 29 de setembro de 2021 pola que se prorroga e modifícase a Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da Covid-19 na Comunidade Autónoma de Galicia*, a capacidade da sala de lectura ampliarase ata un 75% do seu aforo, polo que se habilitará o uso de 45 novos postos.

As condicións de uso da sala de lectura da BdG adaptáronse a esta nova situación e poden consultarse no documento que achega ao final deste aviso.


A Biblioteca de Galicia informará puntualmente de calquera cambio que se produza respecto do seu aforo, que desde o 2 de outubro queda establecido en 90 postos de lectura.

As instalacións da BdG continuarán abertas ao público cos servizos e horario habitual:

Sala de lectura
De luns a domingo de 09:00 a 21:00 horas

Consulta de usuarios e investigadores: información bibliográfica, reprografía e acceso aos fondos dos depósitos
De luns a venres de 09:00 a 15:00 horas
Poderase facer uso dos servizos de consulta de 16:00 a 20:00, de luns a venres, previa solicitude no correo electrónico bibliotecadegalicia@xunta.gal

A visita ás exposicións organizadas polo Arquivo e a Biblioteca de Galicia poderá realizarse de luns a domingo de 09:00 a 21:00 horas.



DOCUMENTOS E LIGAZÓNS

Condicións de uso da sala de lectura da Biblioteca de Galicia

---

https://bibliotecadegalicia.xunta.gal/gl/actualidade/avisos/sala-de-lectura-da-biblioteca-de-galicia-pasa-de-45-90-postos